

ANEXO IV

Don / Dona _____, secretario/a da organización _____,

CERTIFICA: que o número de socios da organización na data do asinamento ascende a _____, sendo a cota de cada socio de _____ €. Ao longo do ano 2004 recadáronse por este concepto _____ €.

Que a cota establecida para o ano 2005 será de _____ €⁽¹⁾

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e praxe do/a presidente/a.

_____, ____ de _____ de _____
 Visto e praxe
 O/A presidente/a O/A secretario/a

⁽¹⁾ No caso de que teñan varias cotas de socio, deben especificar o importe e o número de socios que se acollen a cada unha delas.

ANEXO V

CERTIFICACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVIEMBRE, XERAL DE SUBVENCIÓNS

Don / Dona _____, presidente/a da organización _____, provincia de _____,

CERTIFICO: que a organización citada non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido esta certificación, que visa o secretario desta organización, o día ____ de _____ de _____

Sinatura do/a presidente/a

O/A secretario/a

(O/A presidente/a)

(Selo da corporación)

ANEXO VI

A Asociación de _____ e Don / Dona _____, na súa calidade de presidente/a desta, **ACEPTA** a subvención concedida, por resolución do presidente do Instituto Galego de Consumo do _____, por importe de _____ €.

e comprométese a cumprir todas as condicións e requisitos establecidos na resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás organizacións de consumidores, para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de Información aos Consumidores e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005.

_____, ____ de _____ de _____
 (Data, selo e sinatura do/a presidente/a)

Asdo.:

ANEXO VII

ORGANIZACIÓN

Don / Dona _____, presidente/a da organización citada
CERTIFICO: que os gastos efectuados en relación ao funcionamento e mantemento da Oficina de Información ao Consumidor durante o ano 2005 son os que se relacionan a seguir:

GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTENIMENTO DA ORGANIZACIÓN	INVESTIMENTO TOTAL	ACHEGA DA ORGANIZACIÓN	SUBVENCIÓN SOLICITADA
SERVIZOS EXTERNOS			
ALUGUERES, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE LOCAIS			
AUGA			
ENERXÍA ELÉCTRICA			
TELÉFONO (NON MÓBILES), FAX E INTERNET.....			
CORREOS E TELÉGRAFOS			
MATERIAL DE OFICINA			
CALEFACCIÓN			
LIMPEZA DE LOCAIS			
GASTOS DE PERSOAL (1)			
SOLDOS/SALARIOS			
SEGURIDADE SOCIAL			
TOTAIS			

En _____, de _____ de _____

O/A secretario/a

Sinatura do/a
PRESIDENTE/A

(1) Estes gastos só se terán en conta no caso de que o persoal atenda en exclusiva a Oficina de Atención ao Consumidor.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 31 de marzo de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a actualización provisional de méritos dos solicitantes incluídos nas listas correspondentes a diversos corpos e escalas de Administración da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 217/2003, do 11 de abril, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Rematado o prazo fixado polo artigo 8.5º do Decreto 217/2003, do 11 de abril, para a actualización e alegación de novos méritos polos solicitantes incluídos nas listas correspondentes a diversos corpos e escalas de Administración da Xunta de Galicia, e vistas as correspondentes solicitudes pola Comisión Permanente Central, esta Dirección Xeral da Función Pública

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a actualización provisional de méritos, con indicación da puntuación, dos solicitantes incluídos nas listas para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo reservados a persoal funcionario, correspondentes aos corpos e escalas que a seguir se sinalan:

-Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos.

-Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B): escala técnica de estatísticos e escala de inspección turística.

-Corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A): escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos; escala de enxeñeiros de telecomunicacións; escala de enxeñeiros de minas; escala de enxeñeiros industriais; escala de enxeñeiros agrónomos; escala de enxeñeiros de montes; escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos: especialidade de arquivos, especialidade de bibliotecas e especialidade de museos; escala de arqueólogos; escala de químicos; escala de biólogos; escala de arquitectos e escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, materia de dereito marítimo e lexislación pesqueira.

-Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B): escala de enxeñeiros técnicos de minas; escala de enxeñeiros técnicos de obras públicas; escala de enxeñeiros técnicos industriais; escala de enxeñeiros técnicos forestais; escala de enxeñeiros técnicos agrícolas; escala de axentes de extensión pesqueira; escala de topógrafos; escala de arquitectos técnicos e escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos: especialidade de arquivos, especialidade de bibliotecas e especialidade de museos.

-Corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia (grupo C), escala de delineantes.

-Corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais.

Segundo.-De conformidade co disposto no número 2º do artigo 8 do Decreto 217/2003, os méritos correspondentes aos puntos 2 e) e 2 f) poranse a cero, a todos os solicitantes incluídos nas listas que non os alegaron e documentaron novamente no prazo xeral anual de actualización establecido no número 5º do artigo 8 do devandito decreto.

Terceiro.-A actualización provisional de méritos dos solicitantes incluídos nas listas correspondentes aos corpos e escalas citados, atópanse expostas nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia. Así mesmo, os ditos datos poderán consultarse na páxina oficial da internet da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Os interesados disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para reclamacións, que irán dirixidas á Comisión Permanente Central de selección de persoal funcionario (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

Unha vez resoltas estas, a actualización definitiva de méritos dos solicitantes incluídos nas listas correspondentes aos corpos e escalas mencionados no punto primeiro desta resolución, será elevada pola Comisión Permanente Central á Dirección Xeral da Función Pública para a súa oportuna publicación.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2005.

Milagros Vázquez Tenorio
Directora xeral da Función Pública